

ASUNTO PLE/2022/00008519L

ACTA NÚM. 5 - SESIÓN ORDINARIA 24 DE FEBREIRO DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:05 horas** do día **24 de febreiro de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro (presente no salón de sesións e conexión telemática)
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez (conexión telemática)
Don Gonzalo Muíños Sánchez (presente no salón de sesións)
Dona Marta Abal Rodríguez (conexión telemática)
Don José Manuel Pichel Patiño (conexión telemática)
Don José Javier Fernández Martínez (conexión telemática)
Dona María Esther Pedrosa Carrete (conexión telemática no punto 6)
Don Rubén Pol Mariño (conexión telemática)

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias (conexión telemática)
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez (conexión telemática)
Don José Antonio Constenla Ramos (conexión telemática)
Don Evaristo Ben Otero (conexión telemática)
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia (conexión telemática)
Dona Beatriz Cigarrán Vicente (conexión telemática)
Dona María Castelao Torres (presente no salón de sesións)

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey (conexión telemática)
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez (conexión telemática)
Dona María Rozas Pérez (presente no salón de sesións)
Don Xan Xesús Duro Fernández (presente no salón de sesións)

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro (conexión telemática).

Juan Ramón González Carnero, interventor xeral do concello.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se

encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións extraordinarias dos días 22 e 24 e ordinaria do día 27 todas do mes de xaneiro do corrente ano.

2. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para realizar un plan destinado á creación de novos servizos e a rescatar algúns dos que están en réxime de concesión ao abeiro do disposto na Lei de Orzamentos do Estado.

3. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para estudar os posibles beneficios da internalización e xestión directa municipal de varios servizos públicos estruturais para o concello.

4. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a posta en marcha dun servizo de asesoramento para evitar as ocupacións ilegais de vivenda.

5. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para coidar e difundir o patrimonio etnográfico do rural.

6. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para aprobación dun plan específico de dignificación integral do barrio de Sar.

7. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a substitución dos multamóbiles por outros vehículos de baixas emisións para este cometido.

8. Renovación de vogal representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na Comisión Asesora de Patrimonio Histórico.

9. Dar conta de informes definitivos de control financeiro correspondentes ao plan de control financeiro do exercicio de 2021:

Informe definitivo control financeiro permanente contratos menores. Exercicio económico 2020.

Informes definitivos auditorías de contas, cumprimento e operativas sociedade TUSSA.

Informes definitivos auditoría de contas, cumprimento e operativa Fundación Refuxio de Animais.

10. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

11. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

1.- Presentado polo grupo municipal de CA para por en valor o Banquete de Conxo e manter o carácter veciñal e participativo da festa que o lembra.

2.- Presentado polo grupo municipal de CA para que se realicen labores de mantemento e limpeza na Praza de Sofía no barrio das Fontiñas.

3.- Presentado polo grupo municipal do PP para incrementar a instalación de desfibriladores e a formación no seu uso.

- 4.- Presentado polo grupo municipal do PP para a reparación de pavimentos nos arredores da Praza de San Roque e na Avda. de Xoán Carlos I.
- 5.- Presentado polo grupo municipal do BNG para a conservación do patrimonio etnográfico e tradicional de Santiago de Compostela.
- 6.- Presentado polo grupo municipal do BNG para arbitrar medidas para as persoas residentes e os locais comerciais e hostaleiros da área da rúa das Hortas, Trinidad, Carretas e San Clemente.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do BNG para axilizar as xestións para a revisión dos muros na nosa cidade.
- 8.- Presentado polo grupo municipal de CA para o nomeamento praza ou rúa en honra a Vivencio Freire Dapena.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a licitación do servizo de comedores escolares.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a mellora da accesibilidade ao aparcamento reservado para o IES San Clemente.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o mantemento de varios postes no medio do trazado da nova senda peonil de Laraño.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as queixas recibidas, o control e as medidas a adoptar no servizo de axuda no fogar.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a bonificación na taxa de residuos urbanos en zonas de recollida en días laborables alternos.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o tránsito de camións polo Camiño do Garandón en Miramontes.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do BNG en relación á reapertura do centro sociocomunitario da Porta do Camiño.
- 8.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre as mensaxes sonoras dos semáforos.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o peche dun camiño nas inmediacións do Polígono de Costa Vella.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre os procedementos de licitación de dous contratos vinculados á EDUSI.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a presenza de postes na senda peonil de conexión de Paredes de Laraño e o centro sociocultural da parroquia.
- 4.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o protocolo que se segue no caso das persoas sen fogar en Santiago.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre queixa da CIG en relación a permiso para megafonear polas rúas da cidade.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre as preocupacións da veciñanza do barrio de San Pedro e dos Concheiros, sobre as rutas e frecuencias do autobús urbano.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a empresa concesionaria do servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control de tráfico e do túnel do Hórreo.

12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais.

- 1.- Presentada por CA para amparar as vítimas dos abusos cometidos en institucións vinculadas á Igrexa Católica.
- 2.- Presentada por CA con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

- 3.- Presentada por CA pola paz e os dereitos humanos en Colombia e para reclamar todas as garantías democráticas nas próximas eleccións presidenciais.
- 4.- Presentada polo BNG para impedir a deterioración do vello hospital das Galeras.
- 5.- Presentada polo BNG para apoiar as mobilizacións feministas do 8 de marzo e demandar os compromisos pendentes.
- 6.- Presentada polo BNG para garantir a transición cara á administración electrónica nos servizos municipais.
- 7.- Presentada polo BNG para a mellora dos servizos públicos en Roxos.
- 8.- Presentada polo PP sobre a realización de melloras de conservación e mantemento en Vite.
- 9.- Presentada polo PP para a elaboración dun plan de sendas peonís e ciclables no territorio municipal.
- 10.- Presentada polo PP para evitar a exclusión financeira.
- 11.- Presentada por CA o arranxo das deficiencias da escola infantil Bispo Teodomiro de Marrozos.

Gárdase un minuto de silencio polas vítimas do buque galego “Villa de Pitanzo” naufragado en Terranova e polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona Dulcinea López García, en relación á moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa á reapertura do centro sociocomunitario da Porta do Camiño.

Don Luciano Pérez Villar, en relación á moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre mellora dos servizos públicos en Roxos.

Preséntase unha moción de urxencia conxunta de todos os grupos políticos municipais, para ser incluída na presente sesión, que é declarada urxente por unanimidade dos asistentes, e que será tratada no punto respectivo de toma en consideración das mocións en primeiro lugar:

Moción conxunta de todos os grupos políticos municipais, condenando a agresión a Ucraína e solicitando a retirada das tropas rusas e o respecto ao dereito internacional.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DOS DÍAS 22 E 24 E ORDINARIA DO DÍA 27 TODAS DO MES DE XANEIRO DO CORRENTE ANO.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade dos asistentes, as actas correspondentes as seguintes sesións:

Extraordinaria do día 22 de xaneiro de 2022, acta núm. 1.

Extraordinaria do día 24 de xaneiro de 2022, acta núm. 2.

Ordinaria do día 27 de xaneiro de 2022, acta núm. 3.

2. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA REALIZAR UN PLAN DESTINADO Á CREACIÓN DE NOVOS SERVIZOS E A RESCATAR ALGÚNS DOS QUE ESTÁN EN RÉXIME DE CONCESIÓN AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI DE ORZAMENTOS DO ESTADO.

A proposición presentada con data 10 de febreiro de 2022, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para realizar un plan para estudar a creación de novos servizos públicos necesarios e o rescate dalgúns dos que están en réxime de concesión, ao abeiro das posibilidades que ofrece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2022 no relativo á contratación directa de persoal polas administracións públicas e á taxa de reposición de persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, no capítulo IV inclúe a regulación da Oferta de Emprego Público, que se suxeitará a unha taxa de reposición de efectivos do 110% e nos sectores considerados como prioritarios, esta taxa será do 120%.

No artigo 20, sobre a Oferta de Emprego Público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público, indícase que isto se producirá sen prexuízo dos procesos de estabilización derivados do Real Decreto-Lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Entre os servizos de carácter prioritario para os efectos da taxa de reposición, detállanse, entre outras, as prazas de persoal que presta asistencia directa á poboación nos servizos sociais e servizos de transporte público, así como as prazas de seguranza e emerxencias, as relacionadas coa atención a cidadáns e cidadás nos servizos públicos e a xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego. Inclúense tamén as do persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e das comunicacións.

Ademais diso, determínase que non computarán para a taxa de reposición e, por tanto, non se terán en conta para o seu cálculo os servizos públicos que pasen a ser prestados mediante xestión directa, na cantidade do número de prazas que as empresas externas destinaban á prestación dese servizo concreto. E tamén exclúe as prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos que veñan impostos en virtude dunha norma estatal, autonómica ou local.

Segundo se recolle no artigo 20.6, apartados f) e g)

20.6 f) As prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos cuxo establecemento veña imposto en virtude dunha norma estatal, autonómica ou local.

20.6 g) Nos servizos públicos que pasen a ser prestados mediante xestión directa, o número de prazas que as empresas externas destinaban á prestación dese servizo concreto.

Deste xeito, ábreanse máis facilidades para realizar un estudo para crear novos servizos públicos municipais e para rescatar algúns dos que na actualidade están concesionados e xestionados por empresas privadas.

Cómpre lembrar que a aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización é unha competencia que lle corresponde ao Pleno, segundo o artigo 22 apartado f) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Para iso, tendo en conta as posibilidades de incrementar recursos humanos que dispón a Lei de Orzamentos do Estado de 2022, é necesario realizar os pertinentes informes de custes, beneficios e posíbeis melloras da xestión directa na prestación dos servizos entre os que se poden incluír o da xestión das multas, o do CAU e mais o do control, supervisión e inspección das empresas concesionarias, para comezar por algúns de menor entidade e con máis facilidade para que poida ser unha realidade próxima a mudanza de xestión, xunto cos servizos de abastecemento de auga e saneamento, recollida de residuos, transporte urbano e iluminación pública, entre outros.

Trátase de analizar se estes servizos, mediante o proceso de reinternalización, poden ofrecer un modelo máis equitativo, transparente, sustentábel e eficiente que o que proporcionan os provedores privados na actualidade, alén de eliminar os gastos adicionais de licitación, supervisión e resolución de deficiencias que se detectan nos servizos privatizados tanto por parte da veciñanza como pola propia administración local, que non é quen de controlar nin esixir, en numerosas ocasións, que se cumpra o estipulado nos pregos de contratación.

Nese sentido, cómpre lembrar o descontento da veciñanza de Santiago de Compostela con respecto ao funcionamento do servizo de recollida de residuos, limpeza, transporte público, xestión de multas e abastecemento de auga, entre outros, todos eles externalizados na actualidade.

Trátase, pois, de analizar, de xeito demorado e con estudos socioeconómicos, a escolla do modelo tendo en conta os longos períodos temporais para os que se procuran estas concesións e de non perder unha oportunidade única para reverter para a xestión directa servizos que poden prestarse directamente desde a administración municipal.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago realizará un plan para estudar a creación de novos servizos necesarios coa dotación do persoal correspondente e o rescate dalgúns dos que están en réxime de concesión, para encargar os pertinentes informes de custes, beneficios e posíbeis melloras da xestión directa, ao abeiro das posibilidades que ofrece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2022 no relativo á contratación directa de persoal polas administracións públicas e á taxa de reposición.”

Debátese conxuntamente a presente proposición e máis a que figura a continuación como punto número 3.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, polo que queda rexeitada a presente proposición.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA ESTUDAR OS POSIBLES BENEFICIOS DA INTERNALIZACIÓN E XESTIÓN DIRECTA MUNICIPAL DE VARIOS SERVIZOS PÚBLICOS ESTRUTURAIS PARA O CONCELLO.

Foi presentada con data 10 de febreiro de 2022, a proposición do epígrafe, e que ten o

seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo do acordo é impulsar un estudo de custos, beneficios e melloras da xestión directa da prestación de servizos esenciais e importante para o funcionamento interno municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No anterior mandato municipal o goberno local de Santiago tivo como obxectivo conseguir uns servizos municipais o máis eficientes e beneficiosos para a cidadanía compostelá, tanto do punto de vista da calidade do servizo como da xestión económica. Nesta liña, acometéronse varios estudos dos mellores modelos de xestión dos servizos chegando a internalizarse dous deles. O máis coñecido é o da ORA e o guindastre, que se encomendou á empresa municipal TUSSA, mais tamén se internalizou o servizo xurídico municipal.

Por increíble que poida parecer, cando Compostela Aberta chegou ao goberno, no ano 2015, o Concello de Santiago carecía dunha xefatura da asesoría xurídica diferenciada da secretaría xeral do Pleno, a pesar de ser unha obriga legal, e o que é aínda máis grave, tiña externalizada a súa defensa xurídica nun bufete alleo á entidade municipal. Os resultados desta privatización eran enormemente lesivos para o Concello, tanto do punto de vista orzamentario -cun custo que se achegaba aos 500.000 € anuais- como do punto de vista da calidade do servizo, posto que se acumulaba un importante número de sentenzas contrarias aos intereses municipais que se traducían en máis custos económicos para as arcas municipais.

O goberno de Compostela Aberta ponderou e estudou a posibilidade de xestionar directamente este servizo, para o que modificou a RPT municipal creando un posto de dirección da asesoría xurídica, separado da secretaría municipal, ademais de dúas prazas de letrado/a, que puxo xa en andamento cos orzamentos e cadro de persoal do 2017. Os resultados nos xulgados foron a mellor, e esta decisión viuse, recentemente, reforzada polo goberno actual, que non só non volveu licitar ou privatizar o servizo de asesoría xurídica -como si era a práctica habitual dos anteriores gobernos de Bugallo- senón que a ampliou mesmo cunha vicedirección.

Por desgraza, o debate sobre o modelo de xestión dos servizos públicos municipais non sempre é capaz de sobresaír do dogma neoliberal e privatizador, e casos de éxito como este tentan agocharse. Tamén é certo que a normativa vixente nos últimos anos no Estado Español é tendente e facilitadora da privatización de servizos para a súa xestión indirecta, mais enormemente contraria á súa xestión directa por causa da famosa taxa de reposición de efectivos que, na práctica, impide ás administracións públicas contar cos recursos humanos necesarios para a prestación deses servizos. Neste sentido, no presente ano ábrese unha oportunidade que aparece reflectida no BOE publicado o pasado 29 de decembro e que recolle a Lei de Orzamentos do Estado, que para este ano de 2022, no artigo 20.6.f) e g) establece que non computarán como taxa de reposición:

6. Non computaran para a taxa de reposición e, polo tanto, non se terán en conta para o seu cálculo:

(...)

f) As prazas necesarias para a posta en marcha e funcionamento de novos servizos

cujo establecemento veña imposto en virtude dunha norma estatal, autonómica ou local.

g) Nos servizos públicos que pasen a ser prestados mediante xestión directa, número de prazas que as empresas externas destinaban á prestación dese servizo concreto.

Á vista deste marco legal, e tendo en conta que actualmente existen servizos esenciais para o Concello que están externalizados e son xestionados desde a empresa privada, parece evidente que se debería aproveitar a oportunidade e estudar a posibilidade da internalización e rescate de varios servizos concesionados. É o momento de levar a cabo un estudo de custos, beneficios e melloras da xestión directa, comezando por concesións pequenas como poden ser o CAU, a xestión das multas, ou o mantemento e limpeza de edificios municipais (como acaba de facer a USC coa internalización e asunción do servizo de limpeza das súas instalacións).

Malia isto, a proposta de cadro de persoal que presentou o goberno acompañando os orzamentos de 2022 é continuista, na liña neoliberal de suprimir prazas de prestación de servizos directos e transformalas en prazas eminentemente burocráticas, nun momento no que a implantación da administración electrónica no Concello demanda o reforzo de varios postos de traballo de xestión de redes e sistemas informáticos, atención á cidadanía ou de inspección de servizos concesionados, sen deixar de priorizar o reforzo dos servizos nos que o abuso das horas extraordinarias é máis que evidente como é o caso do servizo de extinción de incendios e Policía Local, nos que só se crea unha praza nova de policía para 2022.

Tendo en conta todo o anterior; e que estes estudos poderían comezar por estas contratas máis pequenas e de servizos estruturais do Concello, mais que é evidente que se poderían estender a outros servizos básicos de maior volume como pode ser o caso do abastecemento de auga, saneamento, recollida de lixo ou alumeadado público; o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de goberno a estudar os custos, beneficios e melloras da xestión directa da prestación de servizos esenciais e importantes para o funcionamento interno municipal, comezando por concesións pequenas como poden ser o CAU, a xestión das multas ou o mantemento e a limpeza de edificios municipais.”

Sometida a votación, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, rexeita a presente proposición.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO DE ASESORAMENTO PARA EVITAR AS OCUPACIÓNS ILEGAIS DE VIVENDA.

Con data 15 de febreiro de 2022, foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ninguén pode dúbida que a cidade de Santiago non é allea aos efectos da alarmante situación de indefensión que se está a xerar pola ocupación ilegal de vivendas. Unha situación que pon de manifesto a necesidade de garantir o dereito á propiedade, a seguridade de persoas e bens e, nunha gran maioría de casos, a convivencia social.

Trátase dunha cuestión que afecta moi directamente á esfera local, pois as ocupacións prodúcense nos municipios, sen prexuízo de que a principal vía de solución está en primeiro lugar no nivel lexislativo, posto que se precisa da adopción dunha iniciativa lexislativa a nivel estatal que permita, entre outras medidas, o desaloxo por parte da Policía da vivenda ocupada ilegalmente nun prazo de horas, sen necesidade de esperar varios meses como ata o de agora, e doutras reformas legais para un reforzo do delito de usurpación que disuada estes ataques contra a propiedade.

Conforme a esta convicción, o Concello de Santiago aprobou en xuño de 2020 -cos votos do grupo socialista- unha iniciativa do Grupo Popular para o apoio a unha iniciativa para demandar do Goberno central e do Congreso dos Deputados “o impulso e aprobación dunha iniciativa lexislativa que sirva para garantir a defensa eficaz, e en prazo razoable, dos dereitos á posesión dos lexítimos moradores e dos titulares da propiedade fronte á ocupación ilegal das súas vivendas, sen menoscabo da salvagarda do dereito a unha vivenda digna das persoas en situación de emerxencia social ou especial vulnerabilidade habitacional, conforme ao establecido na Constitución e noutras normas xurídicas.”

Transcorrido máis de un ano e medio desde aquel acordo, nada ten mudado ao respecto, mentres os casos de ocupacións ilegais, continúan manténdose ao noso redor, co desacougo e a desesperación lóxica de quen espera unha resposta que lle dea satisfacción ás súas lexítimas demandas.

Que a resolución final desta anómala situación que viola o dereito constitucional á propiedade privada dependa dun lexislador estatal que non é quen de articular unha saída satisfactoria para esta cuestión, non significa que as administracións públicas -e sobre todo as máis próximas á cidadanía afectada- teñan que permanecer inmóbiles e conformistas ante unhas accións que se desenvolven ante os seus ollos e que padecen a diario ata os veciños e veciñas dos arredores dos inmobles afectados que vén como se deterioran as condicións da súa contorna, a súa sensación de seguridade e mesmo o valor das súas vivendas.

Desde o Grupo Popular, propoñemos que o Concello tome parte activa neste grave problema a través da creación dun servizo de asesoramento específico.

Este asesoramento podería establecerse da seguinte maneira, sen prexuízo de

mellores propostas:

1. Formación específica a un grupo reducido da Policía Local, de xeito que ante calquera denuncia se lle comunique ao dito grupo que active un protocolo de actuación previamente establecido, como a comunicación inmediata co Colexio de Avogados e a Comisaria da Policía Nacional.
2. Convenio co Colexio de Avogados para o asesoramento inmediato.
3. Aprobación do protocolo de actuación e elaboración de guías informativas, así como o seu aloxamento na páxina web do Concello.

Todo iso, sen prexuízo de que a través dos servizos sociais do Concello se artellen formulas para que as persoas que teñan necesidade urxente dunha vivenda, a súa demanda se poida canalizar en función das vías legais e orzamentarias para satisfacer esa necesidade.

A creación deste servizo, que se podería inserir na estrutura actual ou mediante a posta en marcha dun oficina complementaria, ademais de desenvolver unha función moi práctica e necesaria para a veciñanza, serviría para chamar a atención doutras instancias implicadas nesta problemática, para que intensificaran o seu labor, poñendo fin a esta situación que, lonxe de resolverse, cada día comprobamos como se agrava e intensifica.

En consonancia co manifestado, o Grupo Municipal Popular eleva ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de

ACORDO:

O Concello de Santiago de Compostela estudará e, se fose o caso, poñerá en marcha un servizo de asesoramento dirixido a atender os casos de ocupacións ilegais de vivendas no termo municipal, de acordo co referido no expoñendo anterior, e sen prexuízo da atención ás persoas con necesidade perentoria de aloxamento, coa finalidade de contribuír a preservar os dereitos constitucionais da propiedade privada e do dereito a unha vivenda digna.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (9 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), acorda que o concello estudará e, se fose o caso, poñerá en marcha un servizo de asesoramento dirixido a atender os casos de ocupacións ilegais de vivendas no termo municipal, de acordo co referido no expoñendo anterior, e sen prexuízo da atención ás persoas con necesidade perentoria de aloxamento, coa finalidade de contribuír a preservar os dereitos constitucionais da propiedade privada e do dereito a unha vivenda digna.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA COIDAR E DIFUNDIR O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO DO RURAL.

A proposición do epígrafe foi presentada con data 15 de febreiro de 2022, e ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para

coidar e difundir o patrimonio etnográfico do rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela ten un rico patrimonio construído de interese arquitectónico tradicional e etnográfico como fontes, lavadoiros, hórreos, muíños, cruceiros e curtidoiros, que son vestixios da nosa cultura propia e contribúen a definir un xeito de entender a vida comunitaria xa que fan parte dos nosos sinais de identidade.

Deste xeito, convén desenvolver o contido na Lei do Patrimonio Cultural de Galiza no relativo a estudo, protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural, que define como pedra angular do exercicio da dignidade colectiva e, xa que logo, plásmanse como o primeiro mandato legal, que non debe ser visto como limitación restritiva senón como participación de toda a sociedade no coidado do que ela mesma creou e ao que ela mesma lle pertence. O patrimonio cultural concíbese, pois, como alicerce de cohesión social e desenvolvemento sustentábel.

Neste sentido, a ponderación e integración da protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais e a aposta pola colaboración interadministrativa e a participación cidadá están presentes no articulado desta lei a través dos principios xerais, dos dereitos e obrigas da cidadanía, da información pública, do acceso aos bens máis sobranceiros e do recoñecemento da libre iniciativa. Dentro deste espírito, esta lei inspira o principio de subsidiariedade, que consagra técnicas descentralizadoras mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo en diversos ámbitos e esferas, que atopan o seu fundamento na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Existen diversas iniciativas veciñais a nivel local, como a da Asociación en Defensa dos Muíños de Bálsuma, na parroquia da Gracia, xurdida para realizar os necesarios procesos de consolidación, restauración e reconstrución deste conxunto etnográfico de muíños que precisan da colaboración das distintas administracións para proseguir con este labor e conseguir a súa posta en valor e convertelo nunha zona de interese etnográfico para atraer visitas. A propia asociación leva ano e medio a realizar tarefas de roza, limpeza e colocación de pasos de acceso para gozar dunha fermosa paisaxe á beira do río, cunha forte implicación veciñal que fomenta o carácter social destas intervencións.

Ademais, pódese realizar un plan de actuación sobre patrimonio cultural das parroquias que inclúa escavacións arqueolóxicas, restauracións, recollida de documentación histórica, ditos, lendas e costumes e mesmo a memoria sobre a represión franquista para facer destes bens non só un dinamizador económico senón tamén un elemento de cohesión social.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago realizará as xestións necesarias, en colaboración con outras administracións, para contribuír mediante recursos económicos e de asesoramento aos labores de recuperación de elementos de arquitectura tradicional e etnográficos iniciados por diversas asociacións.”

Rematado o debate que se fai conxuntamente co rogo número 5, relativo á mesma temática, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes acorda que o concello realizará as xestións necesarias, en colaboración con outras

administracións, para contribuír mediante recursos económicos e de asesoramento aos labores de recuperación de elementos de arquitectura tradicional e etnográficos iniciados por diversas asociacións.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA APROBACIÓN DUN PLAN ESPECÍFICO DE DIGNIFICACIÓN INTEGRAL DO BARRIO DE SAR.

Incorpórase á sesión a concelleira Dona Esther Pedrosa Carrete.

Auséntase da sesión o señor Alcalde e pasa a ser presidida pola primeira tenente de alcalde, Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

A proposición que a continuación se transcribe, foi presentada con data 15 de febreiro de 2022:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxectivo do acordo é impulsar un plan específico para o barrio de Sar que afronte as grandes obras que aínda ten pendentes así como varias tarefas de mantemento e dignificación do barrio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O barrio de Sar é un dos máis tradicionais de Santiago de Compostela que conta cunha fonda historia e un rico patrimonio tanto histórico-cultural como natural. Nas últimas semanas desde Sar chegan numerosas denuncias da deixadez e abandono aos que o actual goberno municipal está sometendo ao barrio. Por moitos pequenos detalles que denotan un certo ‘pasotismo’ municipal, mais fundamentalmente polo risco de abandono dos grandes proxectos de mellora urbana e de mobilidade da zona.

Propostas que o goberno anterior tiña consensuado e dialogado co barrio, e das que existen xa proxectos redactados e aprobados, que este goberno mantén nun caixón. No mandato anterior levouse adiante a tantas veces postergada reurbanización da zona máis alta da Rúa do Castrón Douro, que agora debería continuar coa finalización ata a súa conexión coa rúa do Sar. Continuando na mellora deste eixo, tamén existe un proxecto aprobado para a intervención integral nas rúas Ponte do Sar, Cruceiro do Sar e Sandino cun desvío do eixo da circulación viaria, para mellorar o entronque coa Rúa Diego Bernal para posibilitar o xiro do bus urbano e que contemplaba tamén a ampliación das beirarrúas e establecemento de espazos comunitarios, co fin de priorizar o peón e a vida veciñal sobre os vehículos.

E tal e como xa trouxemos a este Pleno en febreiro do 2020, no ámbito do Plan Especial de Ordenación, Protección, Mellora Medioambiental e Acondicionamento das Brañas do Sar (PE-3R), existe unha oportunidade nunha parcela de máis de 40.000 m², para a que existe xa un anteprojecto de acondicionamento do Sistema Xeral ZD-6 Zona Deportiva das Brañas do Sar, e así poder desenvolver un novo equipamento deportivo adaptado topograficamente e integrado paisaxisticamente, despois de desmontarse a plataforma actual. O uso deportivo destas novas instalacións irá destinado á práctica do deporte ao aire libre contando cos equipamentos necesarios para o seu desenvolvemento, tal e como aparece recollido nas determinacións de PE-3R. Nesa mesma área, no anteprojecto, estaba contemplado a creación dunha área de aparcamento integrada paisaxisticamente no borde do talude para poder resolver o

grave problema de estacionamento para residentes que existe hoxe en día no barrio e mesmo podían transformarse as edificacións existentes para crear unha edificación en planta baixa integrada na contorna e que permitise facer un desdoblamento e ampliación do CSC actual, que é insuficiente e pequeno para as actividades demandadas.

Ademais destas grandes obras, o Concello debe tomar en serio o mantemento da zona e arranxar o desprendemento de lousas, os tramos enteiros de louseta esnaquizada, as beirarrúas con obstáculos e intransitabeis que provocan un incremento da perigosidade nos días de menor visibilidade. Mesmo aquelas obras acometidas recentemente como a de Castrón Douro están a degradarse aceleradamente pola desidia municipal por causa da permisividade co estacionamento de autos nas beirarrúas de toda a rúa.

Outro grave problema é a velocidade e densidade do tránsito rodado nas rúas Santas Mariñas, Picaños, Ponte do Sar e, en tamén rúa do Sar, que continúan a ser utilizadas como unha circunvalación a alta velocidade, o que está a poñer permanentemente en perigo a integridade física das veciñas, con importantes riscos para a cidadanía. A pesar de terse comprometido, o Concello aínda no realizou as medicións de tránsito que permitan un posterior plan de intervención. Deixando a zona totalmente abandonada á súa sorte.

Tamén existe un deficiente mantemento das pasarelas de madeira que cruzan o río que hoxe por hoxe son a única alternativa peonil á ponte, continuando sen unha intervención adecuada para que sexan transitables no inverno en caso de choiva ou xeadas. Ou o feito de que a superficie do parque Marcial Villamor continúe sen achandar, provocando empozados de auga que impiden o paso polo parque grande parte do ano.

Nos accesos ás Brañas do Sar, que tiveron corrementos do recheo nos empedrados seguen sen corrixir, malia as peticións da veciñanza. A parcela municipal da rúa Cruceiro do Sar destinada sobre o papel a espazo comunitario continúa devastada polas silveiras. As dúas zonas de risco de inundación, tanto o tramo urbano do río na zona da ponte, competencia municipal, como o encauzamento das augas da parte baixa da rúa do Olvido continúan sen ningún tipo de intervención municipal, malia a cualificación do primeiro como zona de alto risco de inundación por Augas de Galicia, e a pesar de que no segundo dos casos non hai moito tempo que unha inundación arrasou cos bens dunha familia do barrio.

Todo o patrimonio histórico e artístico do barrio como a Colexiata, o cruceiro, o lavadoiro octogonal de Picaños, as fontes, as curtidorías, as represas, os muíños, a calzada real con pavimento do s. XVIII. Continúa sen ser posto en valor, e en moitos casos atópase en pésimo estado de conservación.

Tendo en conta todo o anterior, e que o barrio de Sar necesita unha actuación integral e urxente, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

- Insta ao correspondente órgano de goberno a impulsar e desenvolver un plan específico para o barrio de Sar que afronte as demandas de levar adiante as grandes obras que aínda están pendentes (2ª fase de Castrón Douro, proxecto de

reurbanización da Rúa do Sar e dotación de equipamento deportivo, estacionamento e sociocultural na parcela ZD-6) así como varias tarefas de mantemento e dignificación do barrio relativas á mellora de pavimentos, control do tránsito e do estacionamento, mantemento de mobiliario e das pasarelas sobre o río, etc..

- Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo e veciñal para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación deste plan, recollendo as súas demandas e necesidades para todo o ámbito.”

Á anterior proposición presenta emenda o grupo municipal do PP de modificación do primeiro parágrafo do acordo; e tras ser aceptada o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

- Instar ao correspondente órgano de goberno a impulsar e desenvolver, conforme ás dispoñibilidades orzamentarias, un plan específico para o barrio de Sar que afronte as demandas de levar adiante as grandes obras que aínda están pendentes (2ª fase de Castrón Douro; proxecto de reurbanización da Rúa do Sar; dotación de equipamento deportivo, estacionamento e sociocultural na parcela ZD-6; redacción do proxecto e posterior execución para a mellora de mobilidade e accesibilidade entre Sar e As Fontiñas a través das rúas Diego Bernal e Fontes do Sar e o novo viario previsto no PXOM entre a rúa do Sandino e a Cidade da Cultura / AP-9), así como varias tarefas de mantemento e dignificación do barrio relativas á mellora de pavimentos, control do tránsito e do estacionamento, mantemento de mobiliario e das pasarelas sobre o río, etc.

- Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo e veciñal para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación deste plan, recollendo as súas demandas e necesidades para todo o ámbito.

Interrómpese a sesión cando son as 12:21 horas e volve a retomarse ás 12:40 horas.

Reincorpóranse á sesión todos/as os/as concelleiros/as, agás o señor interventor.

A concelleira Dona Mercedes Rosón pasa a conectarse telematicamente á sesión.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A SUBSTITUCIÓN DOS MULTAMÓBILES POR OUTROS VEHÍCULOS DE BAIXAS EMISIÓN PARA ESTE COMETIDO.

Foi presentada con data 15 de febreiro de 2022, a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois dun período de probas de varias semanas, os popularmente coñecidos como *multamóviles* comezaron a realizar a súa función de control e sanción a finais do pasado mes de novembro, cunha misión -segundo o Goberno- cinguida a vixiar

determinados espazos de aparcamento (zonas verdes, exprés...). En contraste co innovador equipamento tecnolóxico que transportan, con catro cámaras de ampla visión a ambos lados da vía que permiten ler placas de matrícula ata 30 metros de distancias e enviar as imaxes a un servidor central para a súa validación, os vehículos destacan pola seu arcaísmo e a súa falta de adaptación ás esixencias ambientais.

Trátase de dous vehículos usados, un deles de 18 anos de idade e outro de 10 anos, ao parecer procedentes do parque móbil da empresa municipal Tussa. Polo impacto ambiental das emisións dos seus motores, ningún deles podería acceder aos distintivos máis eficientes que se conceden en España. O máis novo estaría encadrado dentro do distintivo “C”, que, aínda que cumpre coas emisións EURO, xa comeza a ter limitada a súa circulación en determinadas áreas das grandes cidades, como acontece en Madrid. No caso do máis vello, polo seu grao de contaminación, nin sequera ten dereito a ningún tipo de distintivo ambiental, quedando fóra da consideración de “vehículo limpo”.

A elección e autorización destes dous vehículos non pode deixar de sorprenden, ademais de pola súa fundamental inadecuación ambiental, por dous motivos adicionais: en primeiro lugar, porque o Goberno local está a propagar a idea de que vai limitar o acceso de vehículos contaminantes creando unha zona urbana de baixas emisións (mesmo se chegou a falar dunha “zona cero emisións”), seguindo os postulados ambientais da Unión Europea, que informan a nova Lei estatal de Cambio Climático e Transición Enerxética; en segundo lugar, pola inadecuada e innecesaria actitude de suposto aforro nun tema de tanta transcendencia, posto que non podemos esquecer que estes vehículos están a percorrer a cidade todos os días da semana, tanto de día como de noite, polo que a súa capacidade contaminante, probablemente, non terán parangón con ningún dos vehículos municipais existentes.

O recurso ao aforro non soporta a máis mínima xustificación, tendo en conta a contribución destes vehículos ao capítulo de ingresos municipais procedentes de sancións de tráfico, cunha previsións de recadación nos orzamentos de 2022 de 3,1 millóns de euros, un 27,6% máis do estimado para 2021. Por outra parte, existen importantes liñas de axudas de distintas administracións de aplicación para estes casos, sen esquecer a capacidade da empresa Tussa como medio propio para este fin ou que o propio Concello conta con recursos para facer fronte a un gasto semellante. A este respecto, cómpre lembrar que a Xunta de Goberno local aprobou en setembro de 2021 un crédito extraordinario, con cargo aos remanentes de tesourería de 2020, para financiar a licitación en curso de 7 vehículos (3 eléctricos puros e catro con etiqueta ambiental ECO ou híbridos) para distintos servizos e a correspondente infraestrutura de recarga, por importe de 370.493 euros.

En consecuencia, e tendo en conta a patente inadecuación ambiental do actuais vehículos *multamóviles* a un cometido que supón o tránsito continuado polo centro urbano da cidade, incompatible co respecto ambiental, coa desexable calidade do aire para o conxunto da cidadanía e co carácter exemplificativo que debe manter a administración local, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a que substitúa coa maior urxencia os vehículos actualmente destinados ao control e sanción en determinados espazos de aparcamento regulado, popularmente coñecidos como “multamóviles”, optando por vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental

CERO, co fin de mellorar a eficiencia e o respecto ambiental.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP e de CA (8 PP e 5 CA), e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a que substitúa coa maior urxencia os vehículos actualmente destinados ao control e sanción en determinados espazos de aparcamento regulado, popularmente coñecidos como “multamóviles”, optando por vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental CERO, co fin de mellorar a eficiencia e o respecto ambiental.

8. RENOVACIÓN DE VOGAL REPRESENTANTE DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NA COMISIÓN ASESORA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

A proposta da Alcaldía de data 2 de febreiro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

O vixente Regulamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, aprobado polo Pleno de 21 de xaneiro de 2016 e publicado no B.O.P de 23 de febreiro de 2016, establece no seu artigo 5.1 que os vogais da mesma deberán ser nomeados polo Pleno a proposta do Alcalde.

No artigo 5.2 no apartado e) establécese que terá a consideración de vogal da Comisión:

Un/unha representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con rango de arquitecto/a.

CONSIDERACIÓNS

Con data 27 de xaneiro de 2022, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia notifica que a Xunta de Goberno do COAG, na súa sesión 1/2022 de 20 de xaneiro, ao tratar o punto relativo á proposta da Xunta Directiva de Santiago de nomeamento de representantes do COAG na Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, acordou a designación de Don Gonzalo Alonso Núñez, número de colexiado 2269, como representante titular do COAG na antedita Comisión Asesora en substitución de Don Pablo Costa Buján, mantendo como representante suplente a Dona Carmen Rey López, número de colexiada 2473.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Cesar a Don Pablo Costa Buján como vogal representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno do COAG, na súa sesión 1/2022 de 20 de xaneiro.

Segundo: Nomear a Don Gonzalo Alonso Núñez novo vogal titular na Comisión Asesora de Patrimonio Histórico en representación do Colexio oficial de Arquitectos de Galicia e a Dona Carmen Rey López como suplente.”

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 17 de febreiro de 2022, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda:

Primeiro: Cesar a Don Pablo Costa Buján como vogal representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno do COAG, na súa sesión 1/2022 de 20 de xaneiro.

Segundo: Nomear a Don Gonzalo Alonso Núñez novo vogal titular na Comisión Asesora de Patrimonio Histórico, en representación do Colexio oficial de Arquitectos de Galicia e a Dona Carmen Rey López como suplente.

9. DAR CONTA DE INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINANCEIRO CORRESPONDENTES AO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DO EXERCICIO DE 2021:

INFORME DEFINITIVO CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE CONTRATOS MENORES. EXERCICIO ECONÓMICO 2020.
INFORMES DEFINITIVOS AUDITORÍAS DE CONTAS, CUMPRIMENTO E OPERATIVAS SOCIEDADE TUSSA.
INFORMES DEFINITIVOS AUDITORÍA DE CONTAS, CUMPRIMENTO E OPERATIVA FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS.

O Pleno da Corporación queda coñecedor dos informes que se relacionan e que aparecen recollidos no expediente da sesión.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o 14 de xaneiro ao 17 de febreiro de 2022.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/00000447B

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 10 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00000723B

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 10 de xaneiro

de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00002144S

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 13 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00002189Z

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00002635T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 18 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00003136H

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 19 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00003372R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 24 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00004607V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 27 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00004774T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 28 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00004699V

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 31 de xaneiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00005446M

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 2 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00005770F

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00006623D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00007008A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00007157Z

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00007894S

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 16 de febreiro de 2022.

11. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal de CA para por en valor o Banquete de Conxo e manter o carácter veciñal e participativo da festa que o lembra.
- 2.- Presentado polo grupo municipal de CA para que se realicen labores de mantemento e limpeza na Praza de Sofía no barrio das Fontiñas.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do PP para incrementar a instalación de desfibriladores e a formación no seu uso.
- 4.- Presentado polo grupo municipal do PP para a reparación de pavimentos nos arredores da Praza de San Roque e na Avda. de Xoán Carlos I.
- 5.- Presentado polo grupo municipal do BNG para a conservación do patrimonio etnográfico e tradicional de Santiago de Compostela.

- 6.- Presentado polo grupo municipal do BNG para arbitrar medidas para as persoas residentes e os locais comerciais e hostaleiros da área da rúa das Hortas, Trinidad, Carretas e San Clemente.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do BNG para axilizar as xestións para a revisión dos muros na nosa cidade.
- 8.- Presentado polo grupo municipal de CA para o nomeamento praza ou rúa en honra a Vivencio Freire Dapena.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a licitación do servizo de comedores escolares.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a mellora da accesibilidade ao aparcamento reservado para o IES San Clemente.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o mantemento de varios postes no medio do trazado da nova senda peonil de Laraño.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as queixas recibidas, o control e as medidas a adoptar no servizo de axuda no fogar.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a bonificación na taxa de residuos urbanos en zonas de recollida en días laborables alternos.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o tránsito de camións polo Camiño do Garandón en Miramontes.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do BNG en relación á reapertura do centro sociocomunitario da Porta do Camiño.
- 8.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre as mensaxes sonoras dos semáforos.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o peche dun camiño nas inmediacións do Polígono de Costa Vella.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre os procedementos de licitación de dous contratos vinculados á EDUSI.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a presenza de postes na senda peonil de conexión de Paredes de Laraño e o centro sociocultural da parroquia.
- 4.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o protocolo que se segue no caso das persoas sen fogar en Santiago.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre queixa da CIG en relación a permiso para megafonear polas rúas da cidade.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre as preocupacións da veciñanza do barrio de San Pedro e dos Concheiros, sobre as rutas e frecuencias do autobús urbano.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a empresa concesionaria do servizo de mantemento e conservación dos sistemas de control de tráfico e do túnel do Hórreo.

O señor interventor conéctase novamente a sesión no debate da pregunta oral núm. 1.

Faise un descanso cando son as 14:04 horas (despois do debate da pregunta oral que figura co número 4), e volve a retomarse a sesión ás 16:01 horas, incorporándose a sesión todos/as os/as concelleiros/as, agás o señor interventor.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

As mocións presentadas e tratadas na presente sesión, son as que a continuación se transcriben:

**“MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
CONDENANDO A AGRESIÓN A UCRAÍNA E SOLICITANDO A RETIRADA DAS
TROPAS RUSAS E O RESPECTO AO DEREITO INTERNACIONAL**

Esta madrugada tivo lugar unha grave agresión a República Popular a Ucraína por parte das tropas rusas. Segundo as autoridades ucráínas, rexistráronse explosións en distintas cidades do país, como a capital, Kiev, Berdiansk, Kramatorsk, Borispil ou Brovari. Segundo fontes do goberno ucráíno, tamén se levaron a cabo ataques con misiles en varias instalacións militares de Kiev, Járkov e Dnipró. En Kiev, comezou xa a evacuación dos pasaxeiros e do persoal do aeroporto.

Unha agresión a un país soberano (lembramos que Ucraína ratificou a súa independencia da Unión Soviética en 1991) que, se non se detén, pode desembocar nunha traxedia humanitaria na zona e en Europa.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Condena da agresión de Rusia a Ucraína e total solidariedade co pobo ucráíno.
2. Petición de inmediato alto o fogo e retirada das tropas rusas ao seu territorio.
3. Respecto ao dereito internacional, aos dereitos humanos e aos Acordos de Minsk, e traballar pola resolución ao conflito no marco da ONU e da OSCE.
4. Retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas a acadar acordos de paz duradeiros.

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA AMPARAR
ÁS VÍTIMAS DOS ABUSOS COMETIDOS EN INSTITUCIÓNS VINCULADAS Á
IGREXA CATÓLICA**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia contra as crianzas, especialmente a violencia sexual, é un problema alarmante. Esta é unha das violencias máis devastadoras para as persoas, cunhas secuelas que as acompañarán durante o resto das súas vidas. Ese abuso sexual infantil implica a existencia dun contexto de asimetría de poder, normalmente a través do engano, a forza, a mentira ou a manipulación. En definitiva, é unha vulneración moi grave dos dereitos da infancia ou da adolescencia en xeral. Nos últimos anos son moitas as denuncias de casos de abusos e malos tratos en institucións vinculadas á Igrexa Católica por todo o mundo.

Tal vez a mellor medida para percibir o alcance e enorme dimensión do problema sexan as reiteradas veces que o Papa Francisco ten pedido perdón por estes feitos.

Incluso, recentemente, foi o Papa emérito Bieito XVI quen pediu tamén perdón polos abusos sexuais no seo da Igrexa. O propio arcebispo de Santiago, Julián Barrio, manifestou o seu apoio a unha colaboración entre as administracións públicas e a Igrexa católica para investigar este tipo de abusos sexuais.

É evidente que, a nosa cidade non é allea a esta situación e, aquí, tamén están saíndo á luz casos de abusos que afectan especialmente ao Colexio La Salle. Os medios de comunicación locais están a recoller varias denuncias e declaracións de vítimas desta situación nos anos 80, lembrando como un horror o comportamento dun coñecido profesor daquela época, xa falecido, o irmán Berruguete, como o autor de abusos, actitudes e feitos denigrantes para a dignidade das crianzas. Estes flagrantes casos de vexación e violación dos dereitos humanos das crianzas constitúen unha vergoña para a nosa sociedade.

Estamos diante duns feitos que, simplemente, non se poden tolerar, nin pasar por alto, e moito menos esquecer, e por iso, fronte a esta situación, o Concello de Santiago ten unha responsabilidade importante como institución de proximidade que debe velar polos dereitos das persoas máis vulnerables como son, neste caso, as crianzas. A administración local debe pór todos os seus recursos a disposición das vítimas e das súas familias así como tamén do propio colexio La Salle, que xa se comprometeu a investigar con transparencia todas as denuncias.

O abuso sexual infantil ten tantas dimensións que require a intervención de diferentes axentes e órganos administrativos, ademais da implicación de todas as institucións ou servizos públicos coa presenza de nenos, nenas e adolescentes nos que se detectan e reparan as condutas desta natureza. Neste sentido, o Concello de Santiago debería actuar e defender os dereitos dos menores, dándolles amparo e apoiando, a través dos medios municipais, ben sexa no ámbito psicolóxico e dos coidados -a través dos servizos sociais- ou doutro tipo, como o xurídico -a través da asesoría xurídica-, co fin de conseguir a reparación das vítimas e recoñecemento da verdade.

Ademais, o Concello debe mostrar unha condena rotunda contra este feitos e mesmo estudar a posibilidade personarse nas posibles causas xudiciais co fin de dar amparo ás vítimas, defender o interese xeral e transmitir así unha mensaxe clara á sociedade de que non é admisible a complicidade nin o silencio diante deste tipo de abusos. Todo iso, recoñecendo e valorando o esforzo e o traballo realizado polas vítimas anónimas e os seus familiares para denunciar e visibilizar publicamente esta grave problemática, xa que en moitas ocasións foron quen traballaron para facer fronte ao baleiro institucional.

No marco das diferentes leis, regulamentos e convenios internacionais como a Convención sobre os Dereitos do Neno, recoñécese o interese superior das nenas e nenos e dos menores en xeral como titulares de dereitos, así como suxeitos merecedores da máxima protección. Ademais é obriga dos poderes públicos garantir o respecto dos dereitos dos e das menores e adecuar a súa actuación ao disposto na normativa aplicable, e, en concreto, ao disposto na Constitución e nos Tratados Internacionais ao respecto dos que España é parte, especialmente a Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Crianzas e a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, así como o disposto na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica da infancia, e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Así, no ámbito galego, corresponderíalle ao Parlamento de Galicia impulsar unha

comisión de investigación sobre os abusos cometidos en institucións galegas vinculadas á Igrexa católica. Unha comisión que se mostra como imprescindible se temos en conta que, ademais, a Xunta de Galicia xestiona como competencias propias as do ensino primario e secundario que son os niveis nos que se produciron a maior porcentaxe destes abusos. Pola súa parte, a administración galega debería ser quen estableza unha normativa específica e implante medidas para previr e erradicar os malos tratos ás menores en todos os ámbitos e adoptar todos os instrumentos e medidas necesarias para garantir a súa eficacia.

Así pois, tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Condenar rotundamente todos os abusos cometidos contra as crianzas e menores de idade, de calquera tipo, en calquera ámbito ou en calquera condición, mostrando que en ningún caso deben ser tolerados nin encubertos.
2. Pór a disposición das vítimas, das familias e das institucións afectadas os servizos sociais e asesoría xurídica municipais, establecendo unha 'Oficina especial de atención municipal ás vítimas' ou iniciativa similar, así como para asesorar ás institucións afectadas para que deseñen protocolos de prevención, resposta e actuación diante de posibles novos casos.
3. Estudar personarse nas causas xudiciais abertas, na nosa cidade, co fin de dar amparo ás vítimas e defender o interese xeral, dando exemplo ao resto de administracións públicas para que actúen con contundencia, rapidez e firmeza contra este tipo de delinquentes pederastas.
4. Instar ao Parlamento de Galicia a impulsar unha comisión de investigación sobre os abusos cometidos en institucións galegas vinculadas á Igrexa católica, e esixir á Xunta de Galicia o establecemento de medidas para previr e erradicar os malos tratos aos menores en todos os ámbitos e adoptar todos os instrumentos e medidas necesarias para garantir a súa eficacia.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo celebramos o 'Día Internacional das Mulleres' como data na que visibilizamos as reivindicacións dos movementos feministas e das mulleres; é o símbolo dunha historia de séculos en loita. O 8 de marzo conmemoramos o feminicidio dun grupo de obreiras do téxtil que morreron queimadas en Nova York mentres reivindicaban os seus dereitos laborais fai máis dun século, pero tamén lembramos a todas as mulleres, de todos os tempos, que loitaron e loitan para alcanzar a igualdade real e efectiva.

Nos últimos anos as mobilizacións feministas, en Santiago e por todo o mundo, son

máis numerosas que nunca. Esta data serve para lembrar que hai que seguir loitando para conquistar un futuro verdadeiramente libre de machismo, de acoso, de discriminación e de violencia. Un futuro sen obstáculos para as mulleres polo único feito de seren mulleres.

Unha das dificultades principais para o pleno desenvolvemento dos dereitos das mulleres é a desigualdade na asunción dos traballos de coidado e sustento da vida, a miúdo invisibilizados e non remunerados, que seguen recaendo maioritariamente nas mulleres. Unha responsabilidade desproporcionada que atravesa o conxunto das vidas das mulleres e impacta negativamente no acceso ao mercado laboral e a falta de tempo, entre outros.

Este 2022, Nacións Unidas elixiu como lema “Igualdade de xénero hoxe para un mañá sustentable”. Con el preténdense visibilizar os enormes esforzos que realizan mulleres e nenas en todo o mundo para forxar un futuro máis igualitario e fronte a crise climática. As persoas máis vulnerables e marxinadas son as que están a sufrir as consecuencias en materia de saúde, pobreza enerxética, falta de recursos naturais e migración forzosas. Sen embargo, cada vez é máis evidente que as mulleres son máis vulnerables ao impacto do cambio climático que os homes, xa que constitúen a maioría da poboación pobre do mundo e son máis dependentes dos recursos naturais que están baixo a ameaza do cambio climático.

Ás consecuencias que para as mulleres está a producir a crise climática súmanse as derivadas da crise sanitaria e da pandemia da Covid-19, e pódense concretar na precarización laboral, sobrecarga de coidados e a maior vulnerabilidade social. Os coidados continúan sendo un dos grandes retos para as próximas décadas. O desigual reparto das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar ou a conciliación e a xestión de traballos e dos tempos son problemas que deben ser resolto tanto por homes coma por mulleres e deben ser facilitados e impulsados polas distintas administracións públicas.

Neste sentido, é importante, dende a administración local, facer fronte á discriminación e poñer todos os medios necesarios ao alcance para lograr unha igualdade plena. É imprescindible garantir uns servizos públicos municipais de calidade que nos atendan e que nos coiden, ben sexa na protección e loita contra as violencias machistas, na garantía dos dereitos sociais, no fomento da conciliación e dunha vida familiar digna e na construción dun municipio que sexa tamén “Territorio das Mulleres”. É preciso un modelo económico de desenvolvemento e organización social no eido local que poña no centro as persoas, o sustento da vida e, en definitiva tamén, a sustentabilidade do planeta. Un novo modelo que recoñeza o valor social do ecofeminismo, a teoría política e o movemento social desde o cal debemos pensar e artellar colectivamente as políticas públicas necesarias para avanzar cara outro tipo de sociedade. Sen igualdade hoxe, o futuro sustentable e igualitario seguirá estando fóra do noso alcance.

Durante o mandato 2015 / 2019, no que gobernou Compostela Aberta, foi moito o traballo desenvolvido nesta etapa na que, entre outras accións, se abriu a Casa das Mulleres Xohana Torres, se creou o Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero, se aprobou o IV Plan de Igualdade de Xénero (2017-2020), naceu a Compostela Territorio das Mulleres, se implementou a campaña “Compostela en Negro” contra as violencias machistas, se apostou por empoderar e dar voz ás mulleres do rural de Compostela e se duplicaron os recursos en materia de igualdade. É preciso darlle continuidade a este impulso e avanzar na construción dunha cidade máis igualitaria e

feminista.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao goberno local a:

1. Recoñecer, colaborar e apoiar as mobilizacións e actividades convocadas polo movemento feminista para o día 8 de marzo.
2. Programar actos e actividades municipais de apoio institucional ao 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.
3. Actualizar os datos contidos no Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero, desde a Concellaría de Igualdade, para poder coñecer mellor a situación das mulleres compostelás tanto dende o punto de vista socioeconómico como da situación de violencia de xénero.
4. Organizar na Casa das Mulleres Xohana Torres unhas xornadas adicadas a analizar a relación entre o feminismo e a loita contra o cambio climático.
5. Realización e aprobación do novo Plan de Igualdade (2021-2024) pendente dende o finais do ano 2020.
6. Dar cumprimento ás mocións acordadas no presente mandato por esta Corporación municipal en relación coas políticas municipais de igualdade.
7. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia a dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas polo Pleno do Concello de Santiago nos últimos anos, con motivo da celebración do 8M, en materia perspectiva de xénero, de igualdade salarial, inserción laboral, corresponsabilidade e conciliación e violencia de xénero.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLA PAZ E OS DEREITOS HUMANOS EN COLOMBIA E PARA RECLAMAR TODAS GARANTÍAS DEMOCRÁTICAS NAS PRÓXIMAS ELECCIÓNS PRESIDENCIAIS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de decembro visitou a nosa cidade Javier Orozco, refuxiado político colombiano, que transmitiu con gran preocupación a situación actual no seu país, denunciando a actual situación de violencia que se está a producir desde o pasado mes de abril e por toda Colombia a partir das mobilización sociais comezadas neses mes.

Neste sentido, a Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas en Colombia, a Comisión Interamericana de Dereitos Humanos, Amnistía Internacional e moitas outras organizacións de dereitos humanos teñen manifestado a súa preocupación tras os informes que confirman o uso de armas de fogo, malleiras e detencións que á súa vez

derivaron en asasinatos, desaparicións e violencia sexual. Segundo datos oficiais da Defensoría do Pobo, no marco da Folga Nacional producíronse 42 mortos de manifestantes. Así mesmo, 168 persoas foron denunciadas como desaparecidas e 104 denuncias por presuntas violacións dos Dereitos Humanos.

Sendo este preocupante marco actual o que marque os antecedentes no que se celebrarán as eleccións presidenciais de Colombia no próximo 29 de maio de 2022, e nas que se elixirase a presidencia e a vicepresidencia do país para o período 2022-2026. Sendo a segunda volta programada para o 19 de xuño no caso de que ningunha candidatura obteña a metade máis un do total dos votos válidos. A persoa electa gobernará durante un único mandato presidencial de catro anos.

Tendo en conta que a paz e o respecto aos dereitos humanos son valores universais recoñecidos polas sociedades democráticas e, polo tanto, un compromiso das institucións e organizacións sociais. Recoñecendo que a existencia dun conflito armado interno en Colombia afecta gravemente a vida da poboación colombiana e constitúe un factor que ameaza con estender e desestabilizar outras nacións de América.

Preocupado pola crise dos dereitos humanos e do dereito internacional humanitario que se expresa en persistentes ameazas e asasinatos da dirección social e das persoas que defenden os dereitos humanos, e que manifestan o seu apoio ao Acordo de Paz asinado polo Estado de Colombia e as FARC en 2016 e pide ás partes para que o cumpran como contribución á construción dunha paz estable e duradeira

Tendo en conta todo o anterior, e co fin de reclamar unhas condicións de paz e cese da violencia que garanticen os mínimos democráticos para as eleccións presidenciais deste ano 2022, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta:

1. A todas as institucións e á sociedade compostelana e galega a rexeitar a violencia extrema que se está a producir en Colombia desde o mes de abril e que as violacións dos dereitos humanos se investiguen e queden impunes.
2. Ao Goberno colombiano a que inicie como prioridade a desescalada da violencia, a desmilitarización das cidades e a adopción de medidas inmediatas que garantan e faciliten o dereito de reunión pacífica.
3. Á comunidade internacional a verificar a adopción das medidas necesarias para garantir a defensa dos dereitos humanos, a celebración democrática das eleccións presidenciais, así como o dereito das e dos xornalistas a exercer o seu dereito á liberdade de expresión.
4. A todas as institucións e á sociedade galega a apoiar as mobilizacións da cidadanía colombiana en Galicia polos dereitos sociais do seu pobo e para exixir o cumprimento dos acordos de paz asinados entre o Estado colombiano e a guerrilla das FARC.
5. Ao goberno colombiano e á comunidade internacional a urxir a convocatoria dunha mesa de diálogo co ELN e as demais inurxencias na procura dunha solución política e negociada ao conflito armado interno,

6. Á sociedade en xeral a apoiar as ansias de paz da poboación colombiana e a contribuír con cooperación internacional para a superación do conflito armado e o respecto aos dereitos humanos da poboación civil.

MOCIÓN PARA IMPEDIR A DETERIORACIÓN DO VELLO HOSPITAL DAS GALERAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para impedir a deterioración vello hospital das Galeras

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As instalacións do vello hospital das Galeras, que contaban con 14.530 m² de superficie, desenvolveron a súa actividade sanitaria entre 1952 e 2003, aínda que en 1999 comezou o desmantelamento dos servizos que prestaba. Desde o seu peche produciuse un abandono do inmóbel coa consecuente deterioración desta dotación.

Asteriscos Real Estate SL adquiriu este inmóbel nun proceso de subhasta pública, cunha oferta por valor de 7.195.610 euros. O acordo entre a empresa e mais a Universidade de Santiago, propietaria del edificio, produciuse o 20 de xaneiro de 2017 logo de que o Pleno do Concello aprobase a Modificación Puntual da Ordenanza Especial OE-5 Galeras e os usos permitidos no PXOM que afectaba ao vello hospital das Galeras, para proceder a unha ampliación de usos do complexo e poder destinalo nun 50% da súa superficie a actividade comercial, hoteleira e oficinas, tal como reclamaba a empresa para favorecer a opción desa compra. Así, a empresa formalizou o primeiro pagamento da compra dese inmóbel por 3.597.805 euros, o 50% del importe total, e dous anos despois a USC debería recibir o 50% restante máis un incremento equivalente ao interese legal do diñeiro, oficialmente publicado en los Orzamentos Xerais do Estado, aplicado á cantidade aprazada, segundo figuraba no contrato de compra-venda.

Nese contrato acordouse tamén que, en caso de non realizarse o pagamento do segundo prazo na data indicada, a USC recuperaría a titularidade do inmóbel retendo, en condición de penalización, un 5% da cantidade desembolsada no primeiro.

Recentemente diferentes informacións daban conta de que a empresa compradora deixara sen abonarlle á Universidade de Santiago os 170.000 euros que restaban para rematar definitivamente o proceso de compra.

A modificación puntual do PXOM realizouse cos votos a favor de CA, PP e PSOE e co voto en contra do BNG, por entender que os usos deste edificio singular deberían manter a condición de servizo público e mesmo acoller unha residencia para persoas maiores con centro de día. Este centro de día daría un magnífico servizo a toda a poboación da Cidade histórica e arredores e sería unha ferramenta moi útil para asentar poboación na zona vella, un obxectivo que debe ser o prioritario atendendo os intereses da poboación. Para o BNG, era fundamental conservar ese uso asistencial e sanitario e que a Xunta se implicase para atender a necesidade de contar con máis prazas deste tipo en Santiago de Compostela, ademais de velar pola conservación deste inmóbel. Porén, impúxose unha maioría da Corporación cuns criterios que, transcorridos 5 anos daquela decisión, é evidente que se mostraron erróneos e que non supuxeron ningún beneficio para Compostela.

A pesar de se iniciaren os traballos de retirada de refugallos en decembro de 2018, o proceso de rehabilitación está paralizado na actualidade e existe un risco evidente de que o edificio sufra un proceso de deterioración que, co paso dos anos, pode afectar de maneira importante a este espazo simbólico para unha boa parte das persoas residentes en Compostela. De feito, no departamento de Urbanismo teñen preparada a tramitación e están en espera de que os propietarios do inmóbel presenten o proxecto para solicitaren a licenza. Pola súa parte, a empresa alega que están pendentes de resolveren os procedementos xudiciais e administrativos sobre a aplicabilidade da modificación puntual do PXOM. Cómpre lembrar que o 21 de maio de 2021, o Tribunal de Xustiza de Galiza desestimou o recurso presentado pola entidade mercantil Tugalo, propietaria do aparcamento situado nas inmediacións, contra a aprobación desa modificación puntual do PXOM e xa manifestou a intención de presentar recurso.

En paralelo, Asteriscos presentou un informe no Concello cunha análise técnica e xustificativa da ruína técnico-económica do antigo Hospital Provincial de Santiago de Compostela, con data de 16 de outubro de 2020, xunto cun informe do arquitecto Manuel Gallego Jorreto en que se analiza o significado da catalogación e protección estrutural do edificio e a necesidade de facilitar o obxectivo da súa rehabilitación, así como un estudo de viabilidade estrutural. Ante isto, o departamento de Urbanismo incoou o expediente de declaración de ruína do edificio, aínda que no decreto queda pendente determinar a consideración adicional de ruína técnica que defende a empresa Asteriscos Patrimonial, outro aspecto que estiman fundamental para a viabilidade do proxecto e, por tanto, para efectuaren a solicitude de licenza urbanística para levalo adiante. Mestres isto acontece, a realidade é que só se declarou a ruína do edificio desde o punto de vista económico e non técnico, polo que a empresa debe proceder a reparar todos os danos causados durante este período e dar conta de se houbo responsabilidades na falta de actuación para impedir a deterioración do inmóbel.

Por estes motivos, tendo en conta o interese que para o Concello de Santiago ten este edificio e a súa contorna e a responsabilidade municipal ao modificar (coa oposición do BNG) os usos permitidos no PXOM para este espazo, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

- Reclamar á propiedade que proceda a reparar urxentemente todos os danos causados durante este período.
- Instar ás partes implicadas para que actúen coa celeridade precisa para poñer fin ao proceso de deterioración do edificio do vello hospital das Galeras.
- Realizar os estudos técnicos e xurídicos pertinentes para ter unha folla de ruta e pór enriba da mesa diferentes opcións, incluída a da negociación con outras administracións para instalar no edificio un Centro de Día, caso de que finalmente o proceso de compra-venda non remate satisfactoriamente.

MOCIÓN PARA APOIAR AS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDAR OS COMPROMISOS PENDENTES

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para apoiar as mobilizacións feministas do 8 de

marzo e demandar os compromisos pendentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 fanse cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a convocar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo, alén do económico e laboral, e sen esquecer a importancia vital da loita contra as violencias machistas.

A folga feminista xurdía como un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento “Ni una menos” após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde Latinoamérica impulsouse un paro cara ao 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros tanto produtivos, como de coidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás 2021 por mor da pandemia e as restricións de mobilidade, con históricas convocatorias de manifestacións nacionais en Vigo, Lugo ou Verín.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar os compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia ás declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de derogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada en que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da Organización Internacional do Traballo, que o Goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano, máis aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego, a Xunta de Galiza límitase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuados, e a incumprir a súa propia lei, como

amosa o feito de que nin sequera impulsen o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a Lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisíbel que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que, en marzo de 2019, o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para a posta en marcha de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazábeis da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1º Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes en diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta Corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso adquirido en marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega incluíndo, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

4º Demandar do Goberno español que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da Organización Internacional do Traballo e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5º Demandar do Goberno español o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así mesmo, demandar

da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias.

6º Demandar do Goberno local a avaliación inmediata do IV Plan de Igualdade (2017-2020).

7º Demandar do Goberno local un estudo das necesidades do CIM, cando chega ao 30 aniversario, co obxectivo de reforzar recursos humanos e materiais para garantir a súa eficacia e importante labor.

8º Demandar do Goberno local, en colaboración coa Universidade de Santiago, que se intensifiquen os labores de prevención de violencia de xénero nos campus universitarios, tendo en conta que as medidas de iluminación e seguranza adoptadas seguen a resultar insuficientes.

MOCIÓN PARA GARANTIR A TRANSICIÓN CARA Á ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NOS SERVIZOS MUNICIPAIS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para garantir a transición cara á administración electrónica nos servizos municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa implantación da administración electrónica son moitas as queixas da veciñanza derivadas dos problemas suscitados pola fenda dixital; isto é, coa eliminación da posibilidade de presentar solicitudes e realizar trámites pola vía escrita e presencial existe un atranco importante para a maioría das persoas que non dispoñen de medios informáticos, sinatura electrónica ou certificado electrónico, ao que se unen os protocolos de prevención da pandemia da covid-19.

Isto representa un veto a participar en determinadas actividades organizadas desde o propio Concello e á hora de realizar trámites, ao non facilitar o seu desenvolvemento do xeito que era tradicional. Así, as persoas maiores están a sufrir, de maneira especial, esta discriminación cando non se permite o rexistro de inscrición de xeito presencial para actividades dirixidas a este colectivo, por exemplo, ou para solicitar o pagamento fraccionado de impostos cando nin sequera estivo operativo o teléfono para a cita previa presencial. Do mesmo xeito que cando as persoas usuarias reciben as notificacións vía telemática e non dispoñen dos medios nin da formación adecuada para poder descargar o seu contido. Ou cando se habilitaron, inicialmente, só vía telemática as convocatorias para comedores e solicitudes de axudas para material escolar, unha situación que se corrixiu logo das correspondentes protestas.

Deste xeito, a administración local debe dispor de puntos de acceso á información, con persoal especializado, para axudar a realizar estes trámites de xeito presencial e telemático, cando menos durante os primeiros anos de transición cara a este modelo, co fin de garantir que a cidadanía poida adaptarse e continuar a desenvolver os trámites recollidos na carta de servizos municipais.

Cómpre lembrar que, na actualidade, só teñen obriga de comunicarse electronicamente coas administracións as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e quen exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigada, para os trámites e actuacións que realicen coas

administracións públicas no exercicio desta actividade profesional.

No ámbito financeiro, o Concello de Santiago tamén debe contribuír a frear a falta de servizos presenciais que ofrecen os bancos, que mesmo teñen agora que recuar das súas pretensións de recortes na atención cidadá.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago habilitará e reforzará os puntos de acceso de información para favorecer a transición cara á administración electrónica e permitirá a presentación de trámites e solicitudes vía presencial e escrita para aquelas persoas que o desexaren de acordo coa normativa en vigor.

MOCIÓN PARA A MELLORA DOS SERVIZOS PÚBLICOS EN ROXOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para adoptar as medidas necesarias para a mellora dos servizos e dotacións públicas relativas a iluminación pública, recollida de residuos, limpeza, zonas verdes e seguranza viaria no SUNP-25 de Roxos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo municipal do BNG mantivo unha reunión con representantes da veciñanza da zona do SUNP-25 de Roxos -localizado entre a rúa Barrosa, o CEIP de Roxos, rúa do Nabal e rúa de Muros, na parroquia de Vilvestro- en que describiron unha serie de deficiencias en canto a servizos públicos municipais que se deberían corrixir para gañar calidade de vida as familias que residen neste barrio conformado por 130 vivendas.

Nese sentido, para alén de agardar a recepción definitiva de todas as fases desta urbanización, faise necesario que os novos contratos das empresas concesionarias inclúan determinadas actuacións para a posta en funcionamento, mantemento e mellora dos servizos públicos neste barrio.

De acordo coa Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, son competencias municipais a iluminación pública, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potábel, saneamento, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas, entre outras. Ademais, no artigo 25 especificanse puntos en que os concellos deben exercer competencias propias como en parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos, abastecemento de auga potábel a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais, protección da saúde pública, infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.

Así, no SUP-25 de Roxos corresponden facer, por parte do Concello, os labores de mantemento da iluminación pública para que exista un correcto funcionamento das lámpadas, xa que moitas delas non acenden cando corresponde cos problemas que entraña a falta de visibilidade, sobre todo, nos meses de inverno cando escurece antes.

En canto ao servizo de limpeza, precisan colectores de recollida selectiva de residuos, poñer en funcionamento os colectores soterrados, novas papeleiras e unha periodicidade para varrer as beirarrúas que acumulan sucidade e restos de envoltorios.

O mantemento de zonas verdes, alcorques e podas de árbores tamén son aspectos que presentan un grande abandono por parte das responsabilidades municipais. De feito, hai unha árbore caída desde hai varios meses na lagoa que aínda non foi retirada. Tamén é necesario un parque infantil, pois a poboación máis nova non dispón de espazos para o xogo e o encontro no tempo de lecer.

Son necesarias medidas para incrementar a seguranza viaria, tanto na regulación do tráfico cara ao CEIP de Roxos, coa posibilidade de lle dar acceso pola parte traseira para salvar as dificultades existentes co autobús na actualidade. Cómpre, ademais, solucionar a presenza de fochancas polos danos que están a causar nas vías de tránsito e arranxar o muro en risco de desprendemento situado na rúa Elena Quiroga de Abarca.

Nesa área de Roxos existen dúas parcelas municipais sobre as que se pode realizar un estudo para destinalas a uso dotacional ou vivenda protexida, atendendo as necesidades das persoas que alí residen.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago adoptará as medidas necesarias para a mellora dos servizos e dotacións públicas relativas a iluminación pública, recollida de residuos, limpeza, zonas verdes e seguranza viaria no SUNP-25 de Roxos.

MOCIÓN SOBRE A REALIZACIÓN DE MELLORAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO EN VITE

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Respondendo a unha chamada de varios veciños de Vite, recentemente acudimos a este barrio para recibir puntual información de varias demandas e deficiencias consideradas prioritarias e que levaban moito tempo reclamando ante o Concello.

Despois de percorrer varios lugares e recibir as oportunas explicacións, comprobamos que na súa inmensa maioría as cuestións eran as mesmas que a veciñanza reclamara no pasado mandato e que foran obxecto de distintas iniciativas por parte do grupos municipais. Pero o máis sorprendente é que practicamente todas as demandas eran as mesmas que recollera o Grupo Municipal Socialista no texto dunha moción que fora aprobada por unanimidade da Corporación en abril de 2017.

O texto presentado daquela mantén plena vixencia na actualidade: *“As melloras necesarias ás que fan referencia [a veciñanza] son demandadas desde hai tempo e derivan dunha falta de mantemento e xestión do goberno, como exemplo claro*

atopamos a praza de Lalo Hernández, a que historicamente estivo na Praza Roxa, que leva desde hai máis de tres anos sen funcionar. De feito, temos constancia de que hai un ano retirouse o motor e, ata o día de hoxe, nada se ten sabido ao respecto. Non moi lonxe desta praza, está o parque infantil cuxo mal estado é unha evidencia, debendo ter en conta que non foi obxecto de mellora algunha desde hai moitos anos. A isto debemos sumarlle a falta de poda en toda a zona, o que fai que esta zona sexa pouco segura para os máis pequenos (...). Tamén é motivo de queixa o mal estado das luminarias (...) e o mal estado das tapas de subministro que provocan inundacións en todo o ámbito. Así como o problema notable de mobilidade e accesibilidade entre bloques, a veciñanza leva anos reclamando sendeiros que eviten os interminables rodeos entre as diferentes rúas (...)"

Malia a permanencia destas eivas denunciadas hai case cinco anos, ningunha delas se ten solucionado a día de hoxe.

A maiores do formulado no seu día, a veciñanza engade agora tamén a necesidade de despexar de vexetación a fronte da farmacia, que favorece a aparición de ratas e serpes e que dificulta a visibilidade e a seguridade nesa zona; a deficiente iluminación nas beirarrúas e entradas dos edificios da Avenida de Castelao, posto que as luminarias unicamente dispoñen dun brazo orientado á calzada; a recuperación dos contedores subterráneos para a recollida do lixo e a dotación de dúas marquesiñas nun amplo tramo que carece delas (cuestións que deberían ser abordadas cos novos contratos de lixo e transporte); así como a posta en valor da zona destinada ao xogo da chave que leva tempo abandonada.

Tendo en conta que, practicamente todas as demandas son susceptibles de abordar con simples traballos de mantemento e con pequenas intervencións, sen que no seu conxunto supoñan un elevado importe e que poden ser satisfeitas de forma gradual, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno insta ao corresponde órgano do Goberno local a que tome en consideración e proceda a ir executando coa maior brevidade posible as demandas, principalmente de conservación e mantemento, formuladas pola veciñanza de Vite que se recollen nesta iniciativa e que na súa maior parte levan agardando varios anos.

MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE SENDAS PEONÍS E CICLABLES NO TERRITORIO MUNICIPAL

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediado o pasado mandato, o Grupo Popular presentaba unha iniciativa ao Pleno para que o Goberno elaborara un Plan de Sendas Peonís no territorio municipal, que contou co apoio unánime da totalidade dos grupos da Corporación, pero que non chegou a materializarse.

Ante a aprobación nunha sesión plenaria do pasado mes de outubro, tamén por unanimidade, dunha iniciativa para a construción dunha senda peonil para conectar A Gracia co polígono do Tambre, consideramos conveniente retomar aquela iniciativa do

Plan municipal específico para integrar nel esta senda da Gracia e outras posibles - como as recentemente aprobadas pola Xunta de Goberno local, que recollen outras tres (San Lázaro-San Martiño, Castro-San Marcos e Silvouta)-, tratando de conformar un marco estable e de futuro que nos permita dispoñer dunha rede de transporte eficaz, sustentable e alternativa para conectar con seguridade os principais núcleos de poboación cos principais centros atractores de mobilidade.

Tal e como temos sinalado, coa finalidade de avanzar no terreo práctico e das realidades tanxibles, o Grupo Municipal Popular formula unha proposta para a elaboración dun Plan de Sendas Peonís, susceptible de ser integrado nun futuro Plan de Mobilidade Urbana municipal, no que se determine e defina unha completa rede de itinerarios favorecedores dunha mobilidade alternativa, nomeadamente de uso peonil pero coa posibilidade de convivencia co tránsito ciclista, ao longo do territorio municipal.

Un Plan que se apoie fundamentalmente nas marxes das estradas, sen renunciar a recuperar antigos camiños de interese histórico, cultural ou paisaxístico. Un Plan que teña en conta tamén aqueles itinerarios que están a ser executados por outras administracións e que inclúa as sendas acordadas no marco do Pleno municipal, como -ademais das anteriormente citadas- a de Milladoiro-Santiago a través de Conxo, a de Vidán-Larañiño, o tramo final do acceso á Granxa do Sesto no Pedroso, a senda a Figueiras, pola beira da estrada provincial CP-7803, ou mesmo a vía verde entre Santiago e Oroso da que, con distinta intensidade, se vén falando desde hai anos.

Este documento contribuiría, en fin, a materializar a idea expresada nos estudos para o Pacto Local da Mobilidade que avogan por “desenvolver e executar itinerarios peonís, accesibles, cómodos e seguros que incentiven a marcha a pé en traxectos urbanos que transcorran por todo o municipio e permitan unir os principais puntos con demanda de mobilidade”. Ao mesmo tempo, este Plan de Sendas Peonís proporcionaríalle ao Concello un marco de referencia para solicitar a colaboración das diferentes administracións na súa progresiva execución.

Conforme a estas consideracións, o Grupo Popular presenta no Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Iniciar a redacción dun Plan municipal de sendas peonís e ciclables, conforme aos postulados do Pacto Local pola Mobilidade, que determine e defina unha completa rede de itinerarios para comunicar os principais centros de atracción da mobilidade na cidade (áreas empresariais e comerciais, centros sanitarios, equipamentos deportivos, educativos e culturais...), cunha atención especial á continuidade dos traxectos e a súa contribución a tecer unha malla que articule os principais barrios e parroquias do concello.
2. Incluír nese Plan as actuacións en execución ou previstas por outras administracións, así como aquelas que foron aprobadas por acordos plenarios municipais.
3. Programar a súa execución progresiva, con consignacións anuais nos orzamentos municipais e coas achegas que se obteñan a través de axudas procedentes doutras

administracións públicas.

MOCIÓN PARA EVITAR A EXCLUSIÓN FINANCEIRA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os datos do Banco de España correspondentes ao pasado mes de setembro, no último ano a banca pechou en España case un 11% das oficinas. As 20.421 sucursais actuais son case un 56% menos que as 46.118 do ano 2008. Galicia viu desaparecer nos últimos 12 meses 189 sucursais bancarias.

Se comparamos os datos dos últimos 6 anos, a 30 de setembro de 2015 en Galicia había 1.719 oficinas abertas, fronte ás 1.096 que se contabilizan no ano 2021, isto é, un 36% menos. Porén, a nivel estatal este dato é moito máis preocupante, cunha perda de oficinas do 56%.

As entidades financeiras están a priorizar o uso das novas tecnoloxías para a realización da maioría dos trámites bancarios. Aínda que a banca electrónica achega vantaxes de inmediatez e accesibilidade, unha implantación precipitada dificulta o acceso a servizos financeiros básicos naqueles lugares onde a dixitalización aínda non se desenvolveu na súa plenitude ou naquelas persoas que teñen un menor desempeño nas novas tecnoloxías, con especial incidencia na poboación envellecida e que vive soa.

Todas as administracións públicas, en colaboración coas entidades financeiras, deben garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, prestando especial atención ao ámbito rural e a poboación envellecida.

De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida pola Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, que permitirá a moitas localidades que carecen de oficina bancaria dispoñer dun caixeiro no seu municipio e que os veciños poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación. Ademais a través dos organismos autonómicos de Consumo tamén se traballa na defensa dos usuarios de banca, mediante a organización de campañas informativas e prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros.

Existen iniciativas semellantes ao longo do territorio español, nas que están involucradas outros gobernos autonómicos, deputacións provinciais, concellos, ou incluso a empresa pública estatal Correos que, segundo ten anunciado, pretende instalar caixeiros en concellos sen entidade bancaria.

Desde o Grupo Popular valoramos moi positivamente todas estas medidas, así como os anuncios realizados polas entidades financeiras nos últimos días, pero consideramos que debería existir unha coordinación e unha planificación a nivel estatal para que realmente sexan eficaces, xa que non estamos ante un problema exclusivamente galego, senón que se dá no conxunto de España, tal e como vemos nos medios de comunicación, e no que todas as administracións deben implicarse.

Tal e como se recolle na moción aprobada no pleno do Senado o 9 de setembro,

existe un amplo consenso para que o Goberno de España elabore un estudio detallado sobre a situación real de exclusión financeira e se acorde un paquete de medidas global para abordar este problema.

No pasado mes de setembro, o Partido Popular, a través do seu grupo parlamentario, levou ao Pleno do Parlamento de Galicia unha iniciativa na que se demandou do Goberno do Estado unha actuación coordinada e a adopción das medidas recollidas no acordo plenario do Senado.

Meses despois, a problemática -a pesar dos anuncios e da boa vontade mostrada polas entidades- segue sen resolverse, e todo indica que podería manterse, cando non agravarse, nos vindeiros anos, polo que é necesaria e urxente unha actuación por parte do Goberno estatal.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O concello de Santiago de Compostela insta á Xunta de Galicia a:

- Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.
- Entre as medidas deste plan estatal contra a exclusión financeira estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA O ARRANXO DAS DEFICIENCIAS DA ESCOLA INFANTIL BISPO TEODOMIRO DE MARROZOS

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As escolas unitarias da zona rural ofrecen numerosas vantaxes, cada vez máis valoradas nestes tempos de pandemia, son máis pequenas, teñen unha menor ratio de alumnado, contan con máis espazo ao aire libre para que os nenos e nenas desenvolvan diferentes actividades. Teñen unha atención máis personalizada, a creación dunha comunidade ao redor do centro, a convivencia de nenos e nenas de distintas idades, cos demostrados beneficios que iso ten para o seu desenvolvemento; a aplicación de metodoloxías educativas que adoitan ser complicadas en grupos máis amplos. Todo iso, en boa medida, é posible grazas á grande implicación do profesorado e das propias familias, e debora ir acompañado da atención que estes centros merecen das administracións públicas no que ten que ver coa dotación de recursos e co mantemento das instalacións, nunha aposta firme polo noso rural.

No Concello de Santiago sobreviven só tres centros rurais destas características. Un deles é a Escola Infantil Bispo Teodomiro, en Marrozos. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, nesta parroquia viven 1.079 persoas, unha cifra que se mantén bastante estable nos últimos vinte anos e que fan que Marrozos sexa a cuarta das 27 parroquias de Compostela en número de habitantes. Sendo Bispo Teodomiro a única escola infantil da parroquia; tras o peche da escola unitaria do núcleo da Susana no ano 2007.

Debido a falta de mantemento na escola, a día de hoxe a Escola Infantil Bispo Teodomiro presenta deficiencias que fan que o centro non cumpra coas condicións mínimas de habitabilidade para unha escola infantil, fixadas no Real Decreto 132/2010, e precisa de actuacións que, nalgún caso, son facilmente solventables.

Un dos problemas da escola é a falta dun sistema de calefacción. Cos recursos do propio centro téñense instalado radiadores de aceite, claramente insuficientes, pero como tamén hai poucos enchufes, é preciso utilizar alongadores de corrente que supoñen un risco para un alumnado de 3 a 6 anos. Con todo, a temperatura das aulas non supera os 16 graos, e no baño non se pasa dos 8. Non axuda o feito de que a escola conta cunhas xanelas vellas, que non illan a temperatura do exterior e que nalgún caso mesmo teñen os cristais rotos. Tampouco funcionan ben as persianas, as portas precisan claramente unha renovación, e as paredes están cheas de humidades e reclaman, cando menos, un repintado. Ademais a instalación eléctrica non ten capacidade suficiente e sen tomas nas diferentes estancias.

A escola carece de conexión co sistema de subministración de auga senón que dispón dun pozo de fibrocemento, un material canceríxeno e obsoleto; e tampouco coa rede de fecais, de forma que a evacuación é claramente deficitaria e rexístranse frecuentes problemas de atrancos. Non se atende a limpeza da outra aula do centro, que se utiliza para psicomotricidade, porque este servizo non está incorporado no contrato; como tampouco existe mantemento no exterior da escola, onde se mantén un peche perimetral roto (co risco que iso supón en canto á posible saída dos nenos e nenas), é preciso pintar a fachada, e nin sequera se realiza a poda dunha árbore que xera problemas na instalación eléctrica dunha casa contigua ao centro e que o veciño ten demandado en numerosas ocasións que se solucione.

A todo isto, súmase a falta de recursos como material de xogos para as aulas, un areeiro ou de elementos para un patio que tan só dispón dun tobogán instalado no pasado mandato, e que tampouco ten un acaído mantemento.

Tamén sería de interese que se estudara realizar unha reforma na parte da escola que agora mesmo se utiliza como almacén e aula de psicomotricidade, adecuando as instalacións para usos múltiples, coma ximnasio, zona de actuacións, festas, etc., podendo compartir o espazo coa veciñanza.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a realizar as actuacións precisas para solventar as deficiencias nas instalacións da escola infantil rural Bispo Teodomiro de Marrozos.”

Con respecto á moción urxente conxunta de todos os grupos políticos municipais, condenando a agresión a Ucraína e solicitando a retirada das tropas rusas e o respecto ao dereito internacional, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1. Condena da agresión de Rusia a Ucraína e total solidariedade co pobo ucráino.
2. Petición de inmediato alto o fogo e retirada das tropas rusas ao seu territorio.
3. Respecto ao dereito internacional, aos dereitos humanos e aos Acordos de Minsk, e traballar pola resolución ao conflito no marco da ONU e da OSCE.
4. Retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas a acadar acordos de paz duradeiros.

Con relación á moción presentada polo grupo municipal de CA para amparar as vítimas dos abusos cometidos en institucións vinculadas á Igrexa Católica, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE e que foi transaccionada por CA, e tras ser aceptada a transaccional, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Condenar rotundamente todos os abusos cometidos contra as crianzas e menores de idade, de calquera tipo, en calquera ámbito ou en calquera condición, mostrando que en ningún caso deben ser tolerados nin encubertos.
2. Pór a disposición das vítimas, das familias e das institucións afectadas a orientación dos servizos sociais municipais e impulsar, se fose necesario, a implantación de protocolos ou mecanismos de prevención e resposta municipais, así como a sinatura dun Convenio co Colexio de Avogacía de Santiago para facilitar a asesoría xurídica das vítimas e familias, no caso de necesitala.
3. Apoiar e colaborar coas investigacións que se leven a cabo no ámbito da Xustiza, da Igrexa ou noutros ámbitos ou entidades; investigacións que han de estar encamiñadas a coñecer a verdade, a reparar o dano causado e a condenar aos responsables destes graves delitos.
4. Instar á Xunta de Galicia a seguir avanzando na concienciación, na detección temperá, na terapia e no acompañamento das vítimas aplicando protocolos de prevención, resposta e actuación diante de posibles novos casos, e o establecemento de medidas para previr e erradicar os abusos aos menores en todos os ámbitos e adoptar todos os instrumentos e medidas necesarias para garantir a súa eficacia.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal de CA con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller, que é debatida conxuntamente coa presentada polo BNG, sobre a mesma temática, e despois de ser aceptada a votación separada por puntos, o Pleno da Corporación, adopta os seguintes acordos:

a) Por unanimidade, instar ao goberno local a:

1. Recoñecer, colaborar e apoiar as mobilizacións e actividades convocadas polo movemento feminista para o día 8 de marzo.
2. Programar actos e actividades municipais de apoio institucional ao 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

3. Actualizar os datos contidos no Observatorio Municipal de Igualdade de Xénero, desde a Concellaría de Igualdade, para poder coñecer mellor a situación das mulleres compostelás tanto dende o punto de vista socioeconómico como da situación de violencia de xénero.

4. Organizar na Casa das Mulleres Xohana Torres unhas xornadas adicadas a analizar a relación entre o feminismo e a loita contra o cambio climático.

5. Realización e aprobación do novo Plan de Igualdade (2021-2024) pendente dende o finais do ano 2020.

b) Por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular:

1. Dar cumprimento ás mocións acordadas no presente mandato por esta Corporación municipal en relación coas políticas municipais de igualdade.

2. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia a dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas polo Pleno do Concello de Santiago nos últimos anos, con motivo da celebración do 8M, en materia perspectiva de xénero, de igualdade salarial, inserción laboral, corresponsabilidade e conciliación e violencia de xénero.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG para apoiar as mobilizacións feministas do 8 de marzo e demandar os compromisos pendentes, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada, e despois de solicitar este grupo a votación separada por puntos, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación, acorda:

a) Por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e de CA (2 BNG, 10 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular:

1º Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes en diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta Corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso adquirido en marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega incluíndo, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da

corresponsabilidade.

4º Demandar do Goberno español o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias.

b) Por unanimidade:

1º Demandar do Goberno español que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da Organización Internacional do Traballo e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

2º Demandar do Goberno local a avaliación inmediata do IV Plan de Igualdade (2017-2020).

3º Demandar do Goberno local un estudo das necesidades do CIM, cando chega ao 30 aniversario, co obxectivo de reforzar recursos humanos e materiais para garantir a súa eficacia e importante labor.

4º Demandar do Goberno local, en colaboración coa Universidade de Santiago, que se intensifiquen os labores de prevención de violencia de xénero nos campus universitarios, tendo en conta que as medidas de iluminación e seguranza adoptadas seguen a resultar insuficientes.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA pola paz e os dereitos humanos en Colombia e para reclamar todas as garantías democráticas nas próximas eleccións presidenciais, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do BNG e PSdeG-PSOE (5 CA, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e ao producirse empate prodúcese unha segunda votación, e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP, e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexeita a presente moción.

Con respecto á moción presentada polo BNG para impedir a deterioración do vello hospital de Galeras, despois de solicitar o grupo municipal do PP a votación separada por puntos, sendo aceptada polo BNG, e o Pleno da Corporación:

a) Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

- Reclamar á propiedade que proceda a reparar urxentemente todos os danos causados durante este período.

- Instar ás partes implicadas para que actúen coa celeridade precisa para poñer fin ao proceso de deterioración do edificio do vello hospital das Galeras.

b) Por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSO e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda:

- Realizar os estudos técnicos e xurídicos pertinentes para ter unha folla de ruta e pór enriba da mesa diferentes opcións, incluída a da negociación con outras administracións para instalar no edificio un Centro de Día, caso de que finalmente o proceso de compra-venda non remate satisfactoriamente.

Con respecto á moción presentada polo BNG para garantir a transición cara a administración electrónica nos servizos municipais, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes (ausente o señor Guinarte), acorda que o concello habilite e reforce os puntos de acceso de información para favorecer a transición cara á administración electrónica e permita a presentación de trámites e solicitudes vía presencial e escrita para aquelas persoas que o desexaren de acordo coa normativa en vigor.

Na moción presentada polo BNG para a mellora dos servizos públicos en Roxos, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que o concello adoptará as medidas necesarias para a mellora dos servizos e dotacións públicas relativas á iluminación pública, recollida de residuos, limpeza, zonas verdes e seguranza viaria no SUNP-25 de Roxos.

Con respecto á moción presentada polo PP sobre a realización de melloras de conservación e mantemento en Vite, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao corresponde órgano do Goberno local a que tome en consideración e proceda a ir executando coa maior brevidade posible as demandas, principalmente de conservación e mantemento, formuladas pola veciñanza de Vite que se recollen nesta iniciativa e que na súa maior parte levan agardando varios anos.

Con respecto á moción presentada polo PP para a elaboración dun plan de sendas peonís e ciclables no territorio municipal á que presentou emenda o BNG que non foi aceptada polo grupo autor da moción, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Iniciar a redacción dun Plan municipal de sendas peonís e ciclables, conforme aos postulados do Pacto Local pola Mobilidade, que determine e defina unha completa rede de itinerarios para comunicar os principais centros de atracción da mobilidade na cidade (áreas empresariais e comerciais, centros sanitarios, equipamentos deportivos, educativos e culturais...), cunha atención especial á continuidade dos traxectos e a súa contribución a tecer unha malla que articule os principais barrios e parroquias do concello.

2. Incluír nese Plan as actuacións en execución ou previstas por outras administracións, así como aquelas que foron aprobadas por acordos plenarios municipais.

3. Programar a súa execución progresiva, con consignacións anuais nos orzamentos municipais e coas achegas que se obteñan a través de axudas procedentes doutras administracións públicas.

Con respecto á moción presentada polo PP para evitar a exclusión financeira, á que presentou emenda o BNG e que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PP e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), acorda instar á Xunta de Galicia a:

- Reiterar ante o Goberno de España a necesidade de elaborar un estudo, en colaboración co Banco de España e a CNMC, sobre a situación do mercado financeiro en España desde o punto de vista da concentración bancaria, da competencia e do acceso aos servizos financeiros básicos, que sirva de base para a elaboración e posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros.
- Entre as medidas deste plan estatal contra a exclusión financeira estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, cunha calidade determinada e a un prezo asequible.

Na moción presentada por CA para o arranxo das deficiencias da escola infantil Bispo Teodomiro de Marrozos, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a realizar as actuacións precisas para solventar as deficiencias nas instalacións da escola infantil rural Bispo Teodomiro de Marrozos.

O Alcalde pecha a sesión ás 19:52 horas. Dou fe.